

**DECRETO**

En data 11.01.2022 polo Consorcio da Zona Franca de Vigo solicítase a tramitación dunha concesión para a construción e explotación dun aparcadoiro subterráneo de vehículos no subsolo da Avenida de Portanet e Rúa Citröen.

Por Resolución da Alcaldía de data 18 e 26 de xuño de 2019 levouse a cabo a estruturación das Áreas executivas e/ou materiais dirixidas polos Sres/as Concelleiros/as do goberno municipal, e a conseguinte atribución xenérica de competencias. En virtude de dita resolución foi creada entre outras a Área de Fomento e Servizos, dirixida polo Concelleiro Delegado da Área, D. F. Javier Pardo Espiñeira a competencia en materia de fomento, transporte e mobilidade e a dirección, xestión, organización, planificación e coordinación da actuacións vinculadas ao viario municipal.

Así mesmo or Resolución da Alcaldía de data 4.09.2020 delegouse no Concelleiro Delegado de Fomento e Servizos, D. F. Javier Pardo Espiñeira, tódalas atribucións precisas para a dirección política, xestión, seguimento, tramitación e execución da totalidade das obras e servizos de mantemento necesarios no Estadio Municipal de Balaídos, coa excepción dos espazos deportivos baixo a grada de Río xestionados pola Concellería de Deportes.

O interese xeral do proxecto para a cidade e o carácter transversal do mesmo aconsellan a realización dunha delegación especial de conformidade co sinalado no artigo 43.5.a) do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento, e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía-Presidencia, en exercicio da potestade de dirección do goberno e das organizativas e estruturais, que en relación coa Administración Municipal, ostenta esta Alcaldía ex artigo 124.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

RESOLVE

Primeiro.- Delegar no Concelleiro Delegado de Fomento e Servizos, D. F. Javier Pardo Espiñeira a xestión e tramitación da solicitude de concesión administrativa para a construción e explotación dun aparcadoiro público realizada polo Consorcio da Zona Franca de Vigo na Avenida de Portanet e Rúa Citröen.

Segundo.- Esta Alcaldía deberá recibir información detallada das competencias encomendadas e dos actos ditados en virtude das delegacións conferidas.

Así mesmo, deberá ser informada previamente á adopción de decisión de transcendencia,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2023 13:46	Páxina 1 de 2
1623-441	CSV: A5AB2F-3HA685-C289A8-7YWM3T-PEJ8SL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



nos termos que por esta se determinen.

Terceiro .- A presente resolución entrará en vigor no momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme o establecido no artigo 44.2 do RD 2568/1986 e na sede electrónica municipal conforme o disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno,

Cuarto.- Da presente Resolución, de conformidade co establecido no artigo 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ao Pleno da corporación

OCS/FJPE

Vigo, na data da sinatura dixital

O Alcalde-Presidente

A Secretaria de Administración Municipal

Abel Caballero Álvarez

Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2023 13:46	Páxina 2 de 2
1623-441	CSV: A5AB2F-3HA685-C289A8-7YWM3T-PEJ8SL-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		